

BASES DO CONCURSO

107 BAIXADA DE BARCOS DE PAPEL

FESTA DO BOSQUE 2023

A comisión organizadora da Festa do Bosque 2023 acordou convocar o «107 Concurso mundial de baixada de barcos de papel por auga doce», acontecemento que se rexerá polas seguintes

BASES

O «107 Concurso mundial de baixada de barcos de papel por auga doce» é un convite aberto a todas aquelas persoas que queiran participar, sen que se vaia establecer ningún tipo de discriminación ou limitación por parte da organización.

Todas as persoas que se inscriban deben participar cun BARCO DE PAPEL feito de maneira artesanal.

Os materiais que se admiten pola organización para construír o barco son: papel (en todas as súas variantes, cores, tramas, formatos, tamaños...), cartón e cartolina.

Non se admitirá ningún modelo de barco que estea construído con outros materiais tales como plástico, madeira, polispán ou cartón-pedra.

Está totalmente prohibida a motorización dos barcos de papel. Non se admitirá ningún tipo de propulsión para os barcos participantes. Non se poderán propulsar nin con medios mecánicos, nin eléctricos, nin electromagnéticos e tampouco as persoas poderán actuar directamente sobre eles para provocar propulsión.

O único elemento físico que poderán levar os/as participantes é unha vara longa de madeira ou plástico que se utilizará ÚNICA E EXCLUSIVAMENTE para desencaixar o barco no caso de que embarranque na beira do río ou contra as pólas ou toros que atravesen o río. A organización solicita dos/as participantes que sexan orixinais e destaquen no deseño e no acabado dos barcos.

Para motivar e recoñecer o esforzo dos/as participantes establécense as seguintes categorías cos seus correspondentes premios:

a) Orixinalidade

1º premio: bono-regalo válido por un xeadado semanal durante un ano (patrocinado por Mmmm! Xeados).

2º premio: 100 € e agasallo sorpresa (patrocinado por **Ferretería Arán**).

b) Velocidade

1º premio: un lote de libros e agasallos valorado en 150€ (patrocinado por **Clarión Librería**).

2º premio: unha tableta de 7".

3º premio: unha torta personalizada (patrocinada por **Panadaría Garcos**).

c) Para todos/as os/as participantes en xeral

Recordo da Festa do Bosque 2023 (patrocinado por Pastelaría San Luís).

O xurado estará constituído por cinco persoas elixidas ao azar entre o público asistente á Festa do Bosque 2023.

A entrega dos premios realizarase ao finalizar as probas deste concurso.

Por último, establécese a data e lugar do concurso:

Lugar: **BOSQUE DO AÑÓN - CARBALLO**

Data: **DOMINGO 2 DE XULLO DE 2023**

Hora: **18.30 h**

Inscrición: **DE 16.30 A 18.00 H NA BEIRA DO RÍO**